

## Postura de CCoo con respecto á orde de calendario escolar

As propostas que **CCoo**-ensino fará chegar á administración sobre o Calendario Escolar son as seguintes:

**CCoo** denuncia que o calendario se presente a finais de curso sen marxe para debater unha modificación de calado con todos os actores da comunidade educativa sobre os tempos escolares, tal e como xa fixeron outras comunidades autónomas que teñen deseñados calendarios máis racionais.

**CCoo** manifesta que a orde de calendario escolar presentada pola Consellería é pouco racional porque:

- Non respecta os tempos escolares.
- Amosa un desequilibrio de días lectivos entre trimestres.
- Non se coordina co calendario da Universidade.
- Dificulta os procesos de organización dos centros no inicio de curso.

Modificar a ubicación da **Semana de Pascua**, comenzando o xoves e rematándoa á semana seguinte.

Na **Formación Profesional** e nas Ensinanzas de Réxime Especial, pospor a data de inicio de acordo co remate dos prazos de matrícula, para así facilitar a confección dos grupos.

Establecer en **Primaria** de forma universal a xornada matinal reducida en xuño e setembro con servizo de comedor

O período de adaptación dos nenos de 3 anos de **Educación Infantil** debe ser todo o mes de setembro COMO MÁXIMO, deixando aos centros a posibilidade de reduci-lo de ser o caso.

Tamén deberá poderse ampliar o **período de adaptación**, previa autorización da Xefatura Territorial, nos casos de cursos nos que haxa alumnado con necesidades que limiten a súa autonomía.

Establecer como **conmemoracións** o 10 de marzo, Día da clase obreira galega e o 23 de xuño, Día dos servizos públicos.

Enumerar as datas nas que hai celebracións internacionais referidas ao recoñecemento efectivo dos **dereitos LGBTI** (15 de marzo - Día da Visibilidade Transexual, 26 de abril – Día da visibilidade lésbica, 17 de maio - Día internacional contra a LGTBI-fobia, 28 de xuño - Día do Orgullo LGTBI...)